



Carlos Neves

Produtor de leite e secretario xeral da Asociación de Produtores de Leite de Portugal (Aprolep)

▶ TRAS A FIN DAS COTAS, A SOLUCIÓN MÁIS LÓXICA FOI LOITAR DE XEITO PACÍFICO PERO PERSISTENTE PARA QUE OS HIPERMERCADOS LLE DESEN PREFERENCIA AO LEITE PORTUGUÉS

Unha aventura no supermercado

O 1 de abril de 2015 finalizaron as cotas que limitaban a produción de leite en Europa. Iso levou ao aumento de produción, á importación de leite barato por parte dos hipermercados, á baixada de prezo do leite ao produtor, á redución de compras de leite portugués por parte de España e á redución dos contratos que moitos produtores portugueses tiñan coas cooperativas.

Ante a desesperación, as opcións eran as seguintes: 1) facer ruído na porta das fábricas ou das cooperativas e enlearnos nunha eterna discusión entre produtores e dirixentes; 2) amañar os problemas coa policía atacando e esnaquizando camións de leite importado ou 3) de forma pacífica pero persistente, buscar a solución máis lóxica, que sería que os hipermercados lle dean preferencia ao leite portugués e facelo sen volver á sociedade en contra dos produtores e sen conflitos coa policía ou nos tribunais para os compañeiros que aceptaban participar nas nosas accións, porque somos xente traballadora, que ten familia e animais que dependen da nosa presenza.

Así, nunha estratexia de comunicación e presión continua da Asociación de Produtores de Leite de Portugal (Aprolep), da cal era entón presidente, o día 17 de febreiro de 2016 organizamos a primeira acción de “marketing directo” na porta dun supermercado Pingo Doce na avenida de Boavista (Porto), mos-

trándolles á sociedade e aos medios os produtos lácteos importados que alí se vendían e que previamente compráramos; o 23 de febreiro, o domingo pola tarde, repetimos a acción no Hipermercado Continente de Barcelos; o 6 de marzo, os compañeiros do sur levaron a cabo unha acción de “marketing directo” na porta do centro comercial Vasco da Gama en Lisboa e, o 14 de marzo, nunha gran manifestación organizada en conxunto pola Aprolep, CNA e Fenalac, mobilizamos 200 tractores e un milleiro de persoas ata a circunvalación de Porto, con paradas na Dirección Rexional de Agricultura (Goberno) e nas tendas de Pingo Doce e de Continente.

Estas dúas cadeas de supermercado representan o 50 % das vendas en Portugal. Con todo, mentres que Continente nos deu unha resposta positiva, Pingo Doce quería esperar pola súa nova fábrica para aumentar as compras de leite nacional. Que máis podíamos facer?

Da forma máis secreta posible, o 22 de marzo organizamos unha “raid sorpresa” á tenda do Pingo Doce na cidade de Póvoa de Varzim. Un grupo de 15-20 produtores entrou no establecemento, cada un cun carrito de compras (un deles levaba unha cámara GoPro), outros co teléfono móbil para gravar, algúns con cinta adhesiva e carteis ben visibles para colocar no leite e nos produtos lácteos importados, tendo coidado de non danar nada.

▶ ALGÚNS DOS COMPAÑEIROS
XA VENDEN LEITE
DIRECTAMENTE PARA PINGO
DOCE E, POLO QUE VEXO,
TODOS OS HIPERMERCADOS
VENDEN LEITE NACIONAL
NAS SÚAS PROPIAS MARCAS E
DECLÁRANO CON ORGULLO

Os carteis foron facilmente retirados polos funcionarios, pero xa foran fotografados polos nosos teléfonos móbiles e por algúns periodistas que nos acompañaron; ademais, para darlles exemplo ao Goberno e á Comisión Europea sobre que facer co excedente de leite, mercamos preto de 1.000 litros de leite nacional que entregamos despois no banco de alimentos contra a fame. Aínda así, a xerencia da tenda chamou a policía, que identificou dous voluntarios do noso grupo, pero non houbo consecuencias.

Coñecían esta historia? Probablemente non, porque apenas foi noticia. Deuse a casualidade de que á mesma hora na que rematamos o muxido da mañá antes de iniciar esta “invasión”, un grupo de terroristas fixo estalar unha bomba no aeroporto de Bruxelas. Pensamos en abortar a nosa iniciativa, pero as primeiras noticias falaban dunha “pequena explosión”. Non foi tal, o atentado foi grave; de feito, foi a noticia do día, ocupou todos os informativos da televisión durante días, non houbo tempo para nós e só ao día seguinte unha das canles emitiu

a reportaxe da nosa acción. Malia iso, pouco tempo despois a cadea de supermercados Pingo Doce chegou a un acordo cunha industria nacional para embalar leite portugués ata a apertura da súa nova fábrica, o que lle permitiu aumentar as súas compras nacionais.

Hoxe os prezos aos produtores aínda continúan demasiado baixos, aínda hai moita xente preocupada polos límites de produción dos contratos, pero, curiosamente, algúns dos compañeiros nesta aventura xa venden leite directamente para Pingo Doce e, polo que vexo, todos os hipermercados venden leite nacional nas súas propias marcas e decláranlo con orgullo. ■

<https://radioondaviva.com/index.php/noticias/7487-productores-compram-mil-litros-de-leite-em-protesto-com-video>

